



Curso “Manexo dos pacientes difíciles. Perfeccionamento no tratamento dos trastornos da personalidade”

DOCENTE

Pepa González Molina (MU-01372).

ORGANIZA

Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial e Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

Isabel Figueroa Matallín (G-3539).

DURACIÓN

12 horas.

DATA E HORARIO

Venres, 12 de setembro de 2025. De 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.
Sábado, 13 de setembro de 2025. De 10:00 a 14:00 horas.

LUGAR

Salón de actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

PRAZAS

40.

PREZOS

Membros da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, Psicólogos/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao, master ou doutoramento de psicoloxía.....35,00€
Psicólogos/as colexiados/as.....70,00€
Psicólogos/as non colexiados/.....140,00€

*Neste curso podes optar ás 4 prazas gratuítas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte no seguinte enlace:
https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_a_formacion_para_colexiados.pdf

En trámite a solicitude de acreditación como actividade de formación continuada do Sistema Nacional de Saúde



Curso “Manexo dos pacientes difíciles. Perfeccionamento no tratamento dos trastornos da personalidade”

PROGRAMA

Venres, 12 de setembro de 2025.

De 10:00 a 14:00 horas.

1. Diagnóstico descriptivo e diagnóstico estrutural dos trastornos de personalidade: entrevista estrutural de Otto Kernberg.
2. Diagnóstico diferencial e comorbilidades.
3. Compartir o diagnóstico co paciente e coa familia: devolución diagnóstica.
4. Formulación dinámica do caso.

De 16:00 a 20:00 horas.

5. Establecemento de obxectivos e sistemas.
6. Selección terapéutica diferencial.
7. Contrato terapéutico.
8. Tácticas, técnicas e estratexias.

Sábado, 13 de setembro de 2025.

De 10:00 a 14:00 horas.

9. Fases do tratamento.
10. Vídeo ilustrativo.
11. Peculiaridades do traballo con adolescentes e familias.
12. Peculiaridades do traballo cos narcisismos.

OBXECTIVOS

Reflexionar acerca do lugar da personalidade e os seus trastornos en relación ás enfermidades mentais e ampliar o coñecemento sobre a avaliación sistemática da personalidade e os seus trastornos: introducir o diagnóstico estrutural xunto ó diagnóstico descriptivo.

METODOLOXÍA

Empregarase unha metodoloxía expositiva presencial, na que se incluírán aspectos teóricos-técnicos, a posta en marcha a través de role-playing dalgunhas das técnicas expostas; así como a exhibición e análise detallada de casos reais a través de vídeo (que mirar, que seleccionar, como comprender, como intervir). Todo isto promovendo un diálogo interactivo co alumnado, facilitando unha reflexión conxunta, así como a resolución das posibles dúbidas que poidan ir xurdindo.



Curso “Manexo dos pacientes difíciles. Perfeccionamento no tratamento dos trastornos da personalidade”

DOCENTE

PEPA GONZÁLEZ MOLINA (MU-01372).

É psicóloga psicoterapeuta especializada en trastornos da personalidade. Membro da ISTFP (International Society of Trasference-FocusedPsychotherapy). Terapeuta e supervisora TFP (Psicoterapia Focalizada na Transferencia) certificada. Fundadora e docente do Instituto TFP Hispanoamérica.

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES02 0081 0499 6500 0227 8629 de SABADELL ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respectarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos e psicólogas membros da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicárase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual e informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual ou informe períodos de inscrición. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: 2 de setembro de 2025.